

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 22/07/2019

### **PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

### **Lista de asistentes**

ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
MATILDE LAYA LORENZO

### **Lista de non asistentes**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

### **SECRETARIO/A**

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

ROSA M<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/07/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15-jul-2019, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2019/3343**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

#### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

ARIDOS DEL UMIA, S.A.	A36002558	873,38 €	22/07/2019	Sí
ASOC. PESDEBARRO	G94048204	9.550,00 €	22/07/2019	Sí
ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	G27718907	747,78 €	22/07/2019	Sí
BOUZAS RODRIGUEZ MARIA DOLORES	14602616P	500,00 €	22/07/2019	Sí
CASTROMAN II, S.L.	B36465938	2.156,80 €	22/07/2019	Sí
CHEVERE PRODUCCIONS, S.L.	B15636517	2.178,00 €	22/07/2019	Sí
COMERCIAL AFEDE, S.L.	B20211637	60,00 €	22/07/2019	Sí
COMIS. FESTAS DO CARMEN E O ROSARIO VILAXOAN	G94176062	4.000,00 €	22/07/2019	Sí
CONTRAPRODUCCIONS, S.L.	B7021733	3.751,00 €	22/07/2019	Sí

	6	€	9	
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	A36036739	857,00 €	22/07/2019	Sí
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	264,00 €	22/07/2019	Sí
ESPACIO DO LECTOR, S.L.	B36164820	4.227,11 €	22/07/2019	Sí
FERNANDEZ MONTES, XOSE MANUEL		450,00 €	22/07/2019	Sí
IDDUN CONSULTING AROUSA, S.L.	B94025970	1.290,00 €	22/07/2019	Sí
INTERN. PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.	B62758602	7.220,55 €	22/07/2019	Sí
KUKAS PROD. ARTISTICAS, S.L.	B15361249	4.500,00 €	22/07/2019	Sí
MALASOMBRA PRODUCCIONES, S.L.	B70195722	3.291,00 €	22/07/2019	Sí
MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	A08171373	245,51 €	22/07/2019	NON
OCAÑA NOVOA, ROBERTO	35417119V	821,50 €	22/07/2019	Sí
ORGANIZ. DE XORDOS DE GALICIA-XOGA	G94123064	144,00 €	22/07/2019	Sí
POMPAS FUNEB. AROSA, S.L.	B36025765	421,08 €	22/07/2019	Sí
RODRIGUEZ SOTO, RAQUEL	35483744B	242,00 €	22/07/2019	Sí
SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	B36296440	777,68 €	22/07/2019	Sí
SOBRINO G., S.A.	A36030138	9.074,59 €	22/07/2019	Sí
SULIVAN SWEETLAND	766224716	2.000,00 €	22/07/2019	Sí
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	889,35 €	22/07/2019	Si
VICENTE GARCIA, MANUEL		395,00 €	22/07/2019	Sí

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2019/3330**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Cultural San Miguel Arcangel de Trabanca Badiña, solicitando autorización para organizar unha churrascada na Praza de San Miguel, o día 27 de xullo de 2019, en horario de 16:00 a 03:00 horas do día 28 de xullo, para todos/as veciños/as, así como a colaboración municipal coa cesión de mesas, bancos, valos, un escenario, e conexión de electricidade.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando

as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

### **PRP2019/3331**

Dáse conta do escrito presentado por D. Federico Pérez-Lago Gómez, en representación da Empresa Marketing y Comunicación SA, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa colocación dunha unidade mobil (trailer) para a campaña "Vivamos como Galegos", na Avda. da Mariña, fronte ao edificio da antiga Comandancia de Mariña, o día 23 de agosto de 2019.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

Dado que os terreos que pretenden ocupar son de titularidade da Autoridade Portuaria, deberán solicitar previamente a correspondente autorización ao citado Organismo.

### **PRP2019/3332**

Dáse conta do escrito presentado pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade solicitando a colocación de sinalización do Centro de día nos cruces máis importantes así como un sinal, monolito ou cartel diatne do centro para indicar a súa situación.

Dáse conta de proposta da Policía Local para colocación de cinco sinais, dous con frecha á esquerda e unha con frecha a dereita nas seguintes situacións:

- Avda. Doutor Tourón con Matosinhos.
- Avda. de Agustín Romero con Matosinhos.
- Rúa Matosinhos con Rúa Desamparados.
- Glorieta da Mariña Española.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que pola Policía Local se proceda a solicitar os orzamentos para o subministro dos sinais citados.

### **PRP2019/3333**

Dáse conta de informe da Policía Local dando conta de que por D. José Luis González Torreiro, se estaba realizando venda ambulante sen autorización co camión frigorífico matrícula C4801BU.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. gonzalez Torreiro que se absteña de realizar venda ambulante no Concello de Vilagarcía de Arousa, por estar prohibida a mesma no termo municipal.

**PRP2019/3334**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Vilas Duran en representación de Veciños de Bamio, en relación coa perigosidade da incorporación de vehículos dende a Rúa de Servizo da Farmacia de Bamio á Rúa Campanario.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de goberno Local acorda que se proceda á instalación dun espello que aporte visibilidade á citada intersección, así como a sinalización vertical e horizontal dun STOP na confluencia da vía de Servizo coa Rúa Campanario, dando preferencia á segunda e poñer outro sinal de stop próximo á intersección da Rúa Campanario coa PO548 e pintar liña de detención que retire a preferencia de paso ós vehículos que se incorporen á PO548. Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2019/3335**

Visto o informe da Policía Local no que se indica que na Rúa Santa Eulalia, á altura do nº 24, á saída do vao desta edificación hai un espazo cunha lonxitude inferior a 2 metros, claramente insuficiente para o estacionamento de vehículos de catro rodas de tamaño medio, co que consideran aconsellable aproveitalo para sinalizar 2 prazas para estacionamento de motocicletas. A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización das 2 prazas para estacionamento de motocicletas indicadas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización

**PRP2019/3336**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a reparación de tubase de saneamento na Rúa da Bouza - Vilaxoán, por un importe total de 1.478,856 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210, coa seguinte desagregación:

- Aridos del Umia SLU, subministro de M/3 HM-20/P/20/Ila, por importe de 873,38 € (IVE incluído)
- Juan Antonio Gándara (Saneamientos Gándra), subministro de 36 mt tubo saneamento, por un importe de 605,48 € (IVE incluído)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/3338**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por IDDUN CONSULTING AROUSA SL para realización dunha acción formativa de 16 horas destinado ao persoal da brigada de prevención e extinción de incendios forestais (1 capataz, peón condutor e 3 peóns), por un importe total de 1.290,00 € (IVE exento), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/3341**

Dáse conta do auto de 9 de xullo de 2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditado no procedemento Ordinario 7374/2018, sendo recorrente D. Enrique Porto Rey e o Concello como parte codemandada, que declara fianlizado o procedemento por satisfacción extraprocesal sen

imposición de costas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2019/1147**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Edición y Programación SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.750,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3365**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2019, presentada por Forma Consultora SCG

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.373,37 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3366**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Dona Ines Plaza Otero.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.750,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3367**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por BAYGAR SL

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 1.750,00 €, por cumprir os requisitos

establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3368**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Información Directa SL.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.250,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3369**

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Dona Katia Maria Bonvehi San Martín

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

#### **PRP2019/3370**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun convenio de colaboración para a concesión dunha subvención, por importe total de 15.000,00 € con cargo á partida 4311.48501, á Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto de Vilagarcía “Zona Aberta”, para realización de accións de dinamización e promoción do comercio local durante o exercicio 2019.

#### **PRP2019/3371**

Dáse conta da modificación da Resolución Administrativa de 27 de agosto de 2018 de concesión de subvención por importe de 154.262,40 €, recibida do Servizo de orientación e Promoción Laboral da Xefatura Territorial de Vigo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do Proxecto de obradoiro de Emprego LABOR@ XOVE 18 (Exp. 36/00023/2018), dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Unha vez comprobada a documentación xustificativa enviada para a liquidación de dito expediente, o importe xustificativo é de 148.16,02 €, polo que proceden a reducir a contía da subvención a dito importe.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/3372**

Dáse conta de Resolución complementaria de concesión de subvención para o Obradorio de Emprego Forme 18 Concello de Vilagarcía de Arousa, Incremento do SMI ano 2019, polo que se incrementa a subvención concedida para gastos salariais dos/as alumnos/as traballadores/as en 28.615,93 €, ata o importe global de 317.422,93 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/3373**

Dáse conta da Resolución de 16 de maio de 2018, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases que rexeran a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (procedemento SI461A).

Vista a proposta da Concellería de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar unha subvención por un importe de 190.990,80 €, para a contratación de 11 traballadoras para os Servizos de Asistencia a edificios e instalacións municipais e espazos verdes (6 conserxes e 5 xardiñeiras) a tempo completo, por un período de 12 meses, dende o 1 de setembro de 2019, cunha aportación municipal de 3.960,00 €, con cargo á partida 241.22699.

Acórdase designar como persoa de apoio para as traballadoras de referencia a Dona Julia Barbosa Sánchez, Directora do CIM, que actúe como profesional con formación en xénero, no tempo que dure a contratación de ditas traballadores e que poderá contar con apoio do persoal técnico da Secretaría Xeral de Igualdade.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2019/3374**

Por escrito de 15 de xullo de 2019, a Secretaría da Escola Municipal de Música remite ao Negociado de Rendas a relación dos alumnos inscritos na mesma, que teñen que ingresar o prezo público pola utilización da Escola e a impartición das ensinanzas de música, correspondente ao período 1º pago do curso 2019-2020.

Unha vez confeccionado o correspondente Padrón de obrigados segundo a información contida no escrito de referencia, a Xunta de Goberno Local acorda a súa aprobación, co número de recibos e importe seguinte:

- Nº de recibos: 364
- Importe: 38.017,85 €

#### **PRP2019/3378**

Dáse conta da Memoria do Curso Académico 2018-19 do Conservatorio Profesional de Música e remisión da documentación do fin de curso á Inspección de Educación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/3379**

Dáse conta da programación de actividades de dinamización da lectura, no marco do programa "Ier conta moito", aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de abril e vista a proposta

da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación, polos seguintes importes, con cargo á partida 3321.22609:

- D. Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións), pola actividade "Mago Deimi: a maxia está nos libros", por importe de 450,00 €
- D. Manuel Vicente García (Efervescencia) pola actividade "Bibliotecas para mudar o cambio climático", por importe de 395,00 €
- Kukas Producións Artísticas SL (Os Monicreques de Kukas), pola actividade "Xan Perillán e a maleta máxica", por importe de 500,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/3380**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL para o subministro de materiais bibliográficos e audiovisuais con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 4.227,11 € (IVE incluído), con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura municipais (partida 3321.22001).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **SANIDADE**

### **PRP2019/2869**

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Pompas Fúnebres de Arosa SL polo subministro de 300 tarxetas identificativas de restos para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril, por un importe total de 421,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

### **PRP2019/3382**

Dáse conta de escrito de Augas de Galicia comunicando o acordo de arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello de Vilagarcía de Arousa por vertido non autorizado ao dominio público hidráulico en A Cruz-Cornazo (Clave DH.D36.57421) A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**



### PRP2019/3383

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dunha actividade de visibilización do colectivo LGTBI+ nas Festas de Vilagarcía, coa realización dunha sesión vermú "Vilagarcía Diversa e Orgullosa" animada por unha DJ e dúas Drags Queen, o día 17 de agosto, entre as 13:00 e as 14:30 horas, cun orzamento total de 878,00 €, con cargo á partida 2312.22615, coa seguinte desagregación:

- Dona Raquel Rodríguez Soto (DJ), por un importe de 242,00 €
- Asociación Nos Mesmas, pola organización da actuación DRAG QUEEN, por importe de 747,78 €
- Comercial AFEDE SL polo subministro de guirnaldas e bandeirolas arcoiris para a decoración do escenario, por un importe total de 60 €

Acórdase así mesmo a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz María Abalo Pérez, polo importe de 60 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

### PRP2019/3037

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais "A Piñousa de Cea:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Material de calefacción e electricidade (DeLonghi Radiador e enrollacable	121,51 €	CASTROMAN II, SL
Material de limpeza e cociña	857,00 €	DISTRIBUCIONES FROIZ, SA
2 felpudos	129,59 €	D. Roberto Ocaña Novoa

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro e instalación de cortinas	691,91 €	D. Roberto Ocaña Novoa

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2019/3038

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais de Bamio:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Desprazamento a Santiago (Cidade da Cultura	264,00 €	EMPRESA PEREIA, SL
Compra de material mobiliario e limpeza	581,66 €	CASTROMAN II, SL
Curso de Centros Navideños	500,00	Dona M <sup>a</sup> Dolores bouzas Rodríguez

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Compra de ordenador e impresora	434,03 €	CASTROMAN II SL

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/3039**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Miguel de Trabanca Badiña:

Con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Compra de menaxe	20,50 €	CASTROMAN II, SL
Compra de materia (Instalacion antena e soportel	255,09	CASTROMAN II SL

Con cargo á partida 334.62300:

Concepto	Importe	Provedor
Subministro ordenador	777,68 €	Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL
Subministro televisor	744,03	CASTROMAN II, SL

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2019/3391**

Vista a solicitude de D. Augusto Guedes de Castro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, dos martes dende o 24 de setembro de 2019 ata o 16 de xuño de 2020, en horario de 19:30 a 20:30 horas, para a realización da actividade "Martes Arte, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2019/3392**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a celebración do III Festival Folk no Aobre, o día 1 de setembro, sendo a xestión, organización e execución a cargo da Asociación Pésdebarro, por un importe total de 9.550,00 €, con cargo á partida 334.22609.

será a cargo da entidade organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro,

de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2019/3393**

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación da programación da actividade escénica ao abeiro do convenio con AGADIC - 2º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2019: Programación, con un importe a asumir polo Concello de 6.860,00 €, con cargo á partida 334.22609. Coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	IMPORTE AGADIC	IMPORTE CONCELLO
Mala Sombra Producións SL	Bernarda	1.645,50	1.645,50
Chévere Producións SL	Anatomía dunha Serea	1.089,00	1.089,00
Contraproducións SL	O Electo	1.875,50	1.875,50
Os Minicreques de KuKas - KuKas Producións Artísticas SL	Arlequina	2.250,00	2.250,00
<b>TOTAL</b>		<b>6.860,00</b>	<b>6.860,00</b>

### **PRP2019/3394**

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda a ratificación pola Xunta de Goberno Local do contrato menor de patrocinio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Comisión de Festas do Carme e o Rosario, para a programación do "Carmelo Rock", o día 20 de xullo de 2019, por un importe de 4.000 €, con cargo á partida 334.22609.

### **PRP2019/1349**

Vista a solicitude de Federación Gallega de Vela, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Desfile da cerimonia de apertura do Campionato de Europa Junior de 420 e 470, que se celebrará o día 23 de xullo:

- Actuación por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2019/3395**

Dáse conta da publicación no DOG de 12 de xullo de 2019 da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de 2 de xullo de 2019, pola que se modifica a Resolución do 29 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de Camiños Municipais 2019-2020.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar o pagamento anticipado da axuda concedida para o proxecto de "Mellora e Ampliación de Camiño na Rúa Perrón e Sentín - Rubiáns", por un importe de 23.924,00 €.

### PRP2019/3396

Dáse conta de escrito presentado por Dona Gloria Zúñiga Ruak, en representación de Galivalia Consulstgo SL solicitando unha ampliación do prazo de execución do contrato de servizo consistente na realización dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e catalogación dos postos de traballo para a posterior valoración e confección dunha nova relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un período de 6 meses, ata o 31 de decembro de 2019, co obxecto de rematar a negociación da RPT, non superando esta prórroga, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente para o contrato.

Visto o informe da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que o prazo fixado inicialmente para a execución dos traballos foi de 12 meses é que este rematou o 17 de xuño de 2018, acordando a Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2019 unha prórroga ata o 17 de xuño de 2019, acorda concederlle de novo a prórroga solicitada, que debe ter efectos dende o 17 de xuño de 2019 e remataría o 17 de decembro de 2019.

### PRP2019/3455

Dáse conta do expediente de contratación CT 45/2019-e tramitado mediante Procedemento Negociado sen Publicidade, para adxudicar o "Contrato privado denominado patrocinio publicitario, por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa con Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega con motivo da celebración do Festiclow/Festaclovn Festival Internacional de Clown de Galicia, vilagarcía de Arousa, Edición 2019", cun tipo de licitación de 36.300,00 € (IVE incluído).

Por el licitador Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega (F15983067) presentouse a seguinte oferta:

NIF	LICITADOR	IMPORTE SIN IVE	21% IVE I	IMPORTE CON IVE
F15983067	CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración da oferta é a seguinte:

NIF	LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN	MOTIVO
F15983067	CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	30.000,00	36.300,00	0,0 puntos	Mellor oferta en aplicación criterio valoración previsto no PCAP. Oferta o prezo de licitación

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar co contrato denominado Contrato privado de patrocinio do Concello de Vilagarcía de Arousa con Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega con motivo da celebración do FESTICLOW/FESTACLOWN Festival internacional de Clown en Galicia - Vilagarcía de Arousa, Edición 2019", cun tipo de licitación de 36300,00 € (IVE incluído), á Empresa CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA polo prezo ofertado de 30.000,00 € (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE de 6.300,00 € (21%), o que totaliza unha oferta (IVE incluído) de 36.300,00 €.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

### PRP2019/3433

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Modificación dos acordos de Xunta de Goberno Local das datas que se indican para os xustificantes de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación de facturas F/2019/105, co seguinte detalle:

DATA XGL	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
	CONVALIDACIÓN do acto de adxudicación do contrato menor de servizo lanzadeira dende o Porto de Vilagarcía dos pasaxeiros do buque SERENISSIMA (27/04/19) e OCEAN ADVENTURE (29/04/19) á empresa VIAJES TURÍSTICOS SILEST, S.L.	440,00	432-22612
	CONVALIDACIÓN do acto de adxudicación do contrato menor de servizo conferencias sobre actividade marisqueira e historia de Carril e Cortegada á ASOCIACIÓN MARISCADORAS A PE DE CARRIL	251,68	432-22612
	CONVALIDACIÓN do acto de adxudicación do contrato menor de servizo de alugueiro de materiais para a produción técnica do FESTIVALA á empresa GALBÁN ZARAGOZA, CARLOS.	242,00	2312-22615

2. Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2019/105, por importe de 258.252,91€, fiscalización previa no Informe INT/2019/26, co seguinte desglose:

N° Registro Factura	Documento	Fecha Doc.	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre	Programa	Económica
F/2019/2404	Rect-2019 34	20/02/2019	290,40	INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	Rect. 2019 34 / PLACA POLICIA LOCAL / PLACA POLICIA LOCAL	132	22699
F/2019/3885	K- 7	16/05/2019	440,00	VIAJES TURIST. SILEST, S.L.	Servicios de desplazamiento en Tren Turístico, de pasajeros de los cruceros marítimos, llegados al Puerto de Vilaga	432	22612
F/2019/4156	PV19 112	31/05/2019	272,25	EDITORIAL CAPITAL, S.L.	LA AGORA VERMU 19/05/2019	334	22602
F/2019/4184	A 19000441	31/05/2019	355,74	SKETCH SYSTEM, S.L.	TINTA BLACK PARA EPSON S-30600/S50600 ( MATERIAL SOLICITADO: MANUEL VILLARONGA GARCIA DPTO. DE COMUNICACION SOCIAL ) / T	926	22000
F/2019/4218	01 00101---19000791	31/05/2019	484,00	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA 14 AROSA DIARIO / HORA	170	22602
F/2019/4537	P19 004688	31/05/2019	121,00	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	CONCELLO DE VILAGARCIA; MAY-17; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo Esp.paginas; 5x2 MOD;	334	22637
F/2019/4538	P19 004686	31/05/2019	496,10	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Conciertos Agora Vermu Concello de Vilagarcia; MAY-19; La Voz de Galicia; Arousa; Modulo; 5x2 MOD;	334	22602
F/2019/4540	A 19000439	31/05/2019	232,69	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA B/N A3 KONIKA MINOLTA C658 ( PERIODO DE FACTURACIÓN: 17/04/19 al 23/05/19 SOLICITADO POR: MANUEL VILLARONGA GARCIA	926	22000
F/2019/4582	FO 190011	06/06/2019	217,80	GRAFICAS ANDURIÑA, S.L.	Carpetas a 1/1 tinta (no comunes), con hendidos y plegadas a 22.4x32 cm. REF.:XERENCIA URBANISMO-LICENCIA DE OBRA	150	22000
F/2019/4592	19J9LV000068	31/05/2019	1.443,20	CESPA, S.A.	TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMI	1622	22700
F/2019/4603	2019/0001726	31/05/2019	275,28	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidad: A0000003954 Tamaño: 2X5 CONCELLO DE VILAGARCIA - 19/05/2019 ( _ ) / Publicidad: A0000003954 Tamaño: 2X5 CONC	334	22602
F/2019/4692	Rect-82-19 34	11/06/2019	1,94	COPESEDEL, S.L.	Rect. 82-19 34 / ENCARPETADO EN ESPIRAL	3321	22000
F/2019/4711	Emit- 4	12/06/2019	251,68	ASOC. MARISCADORAS A PE	Charla Marisqueo y cultivo de la almeja de Carril. Charla Historia de	432	22612

				DE CARRIL	Cortegada. Visital Lonja con explicación de su act		
F/2019/4750	9900429434962	30/05/2019	100,00	SECRETARIA DE ESTADO PARA EL AVANCE DIGITAL	RESERVA FRECUENCIA EMISORA MUNICIPAL. ÁREA COMUNICACIÓN SOCIAL AÑO 2019	926	22500
F/2019/4902	19 223	25/06/2019	254,10	FUND. EMPRESA UNIVER.GALLEGA	COLECTORES DE TOMA DE MUESTRA DE SALIVA	132	22799
F/2019/4912	F 191169	20/06/2019	1.326,00	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Catálogo de 36 páginas a 4/4 tintas + portadas con solapa de 9 cm., a 4/0 tintas plastificadas 1/cara mate. Encuadernaci	334	22631
F/2019/4928	5603169021	31/05/2019	9.536,01	CESPA, S.A.	CANON C. Y P. MAYO 2019. 1/12 de canon aprobado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96 más revisiones de prec	1621	22799
F/2019/4929	5603169020	31/05/2019	239.955,16	CESPA, S.A.	CANON MAYO 2019. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en Pleno d	1621	22700
F/2019/4930	5603169025	31/05/2019	660,00	CESPA, S.A.	TRANSPORTE DE VOLUMINOSOS MAYO 2019. Importe del transporte de voluminosos a la planta de Cespa, S.A. en Cerceda. Se adj	1622	22700
F/2019/4952	LT 110	28/06/2019	140,57	TALLERES ELECT. DE PONTEVEDRA, COOP.	Alquiler repetidor Monte Xiabre / MES: JUNIO	132	213
F/2019/4959	36060-2019-06-1-N	28/06/2019	122,50	CRUZ ESPAÑOLA ROJA	SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA CORRESPONDIENTE AL MES DE JUNIO DE 2019	231	22643
F/2019/5000	A/18	11/06/2019	242,00	GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	ALQUILER BATERÍA, PLATOS, AMPLIFICADORES DE BAIXO E GUITARRA PARA O EVENTO FESTIVALA 2019. IGUALDADE.	2312	22615
F/2019/5001	19157	26/06/2019	809,49	PADIN SILVA, FRANCISCO	DESBROZADORA HUSQVARNA 545RX. MEDIO AMBIENTE	170	213
F/2019/5002	03 /2019	25/06/2019	225,00	ASOC. CUL. NOS	ACTUACIÓN FESTIVAL FOLCLÓRICO XEADA O DÍA 22 DE XUÑO. CULTURA	334	22609
			258.252,91				

## PRP2019/3434

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2019/104, por importe de 123.466,81€, fiscalización previa no Informe INT/2019/26, co seguinte desglose:

Nº Registro Factura	Documento	Fecha Doc.	Programa	Económica	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2019/3301	D01 4124	30/04/2019	132	22104	2.155,01	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	POLO P.L M/L PL-1073 ( CON VELCRO EN PECHO CON VELCRO EN BRAZOS - ) / POLO P.L M/C PL-1072 ( VELCRO EN PECHO VELCRO EN
F/2019/4100	Emit- 57	27/05/2019	338	22602	484,00	GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION	RECURSOS HUMANOS ( CAMPAÑA FESTAS DE SANTA RITA 2019 )
F/2019/4155	PV19 111	31/05/2019	338	22602	484,00	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	ESPECIAL SANTA RITA 2019 ESPECIAL SANTA RITA 2019 18/05/2019
F/2019/4215	F 190006	16/05/2019	338	22602	732,05	GRAFICAS ANDURIÑA, S.L.	Polípticos de 4 cuerpos a 4/4 tintas sin hendidos y plegados a 10 x 21 cm. REF.: SANTA RITA
